



Foz, 14 xullo de 2021

XXXIII MARCHA GALEGA DE MONTAÑEIRO VETERANOS

(12 De Setembro de 2021)

Presidentes Clubs Galegos.

Benqueridos amigos montañeiros:

Como sabedes, no calendario de actividades dá F.G.M. figura para o día 12 de setembro a celebración dá Marcha Galega de Montañeiros Veteranos.

Este ano, o noso club ten o pracer de organizala e agardamos que sexa do agrado de todos vos. Nós estamos traballando con ilusión para que novamente poidamos xuntármonos os Montañeiros Galegos nesta actividade que tanto nos une.

Sirva este primeiro contacto para adiantarvos que a zona escollida para realizar esta actividade será no Concello de Barreiros, (Lugo) e a mesma transcorrerá polos sendeiros Ruta dó Pasado, Barreiros. Nesta ocasión debido a situación epidemiolóxica, seguindo os protocolos COVID, temos que comunicarvos que ó remate da marcha non habera xantar de confraternidade, salvo que a situación mude para aquelas datas, que nese caso tería lugar, por iso nos días previos a celebración volo confirmaremos.

Que estas letras sirvan para darvos animos e que animades aos vosos socios a participar nesta nova edición. Agardamos que deades a máxima difusión a esta actividade, na cal os montañeiros de 40 anos cumpridos levarán o seu agasallo.

Lembrarvos que todos os participantes deberán estar en posesión da licenza federativa.

Nunha próxima comunicación vos daremos unha información mais detallada, quedando a vosa disposición para aclarar calquera dúbida que teñades sobre a mesma. Agardando saudarvos persoalmente nesa data, recibide mentres unha forte aperta.

O Presidente:
Roberto Morís Fernández.

